



CONCELLO
DE
VALDOVIÑO

DECRETO DA ALCALDIA-PRESIDENCIA N° 117/2012

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e demais preceptos concordantes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF) e de conformidade co disposto nos artigos 30 do Regulamento Orgánico Municipal e 78.1 do ROF polo presente veño en convocar sesión ordinaria do Pleno da Corporación que se celebrará no Salón de Sesións da Casa Consistorial o próximo día **20 de abril ás 20:00 horas** en primeira convocatoria, e, no caso de non existir quórum necesario, en segunda convocatoria dous días despois á mesma hora, para debater os asuntos relacionados no seguinte:

ORDE DO DÍA

I) PARTE RESOLUTIVA

- 1º.- Nomeamento dos representantes do Concello na mesa local de comercio.
- 2º.- Compromiso de gasto do Concello de Valdoviño para o financiamento da xestión do servizo de lacería, recollida, aloxamento e control dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro nos municipios da mancomunidade de concellos da comarca de Ferrol.
- 3º.- Proposta de nomeamento do Xuíz de Paz Sustituto.

II) PARTE DE CONTROL E FISCALIZACIÓN DA XESTIÓN DOS ÓRGANOS MUNICIPAIS DE GOBERNO

- 4º.- Coñecemento de Decretos e Resolucións da Alcaldía (relación nº 03/2012) do mes de marzo.
- 5º.- Moción do grupo municipal do BNG para instar a Xunta o mantemento do financiamento dos servizos sociais dos concellos.
- 6º.- Rogos e Preguntas

Da presente convocatoria e da orde do día darase a debida notificación a todos os membros da Corporación, procedéndose á súa publicación no taboleiro de edictos.

En Valdoviño a 17 de abril de 2012



O ALCALDE

Asdo: José Antonio Vigo Lago

SR. DON EUDALDO SIEIRO PRADA